


## GUÍA DIDÁCTICA **XEACRONOS 1º ESO**



Materiais elaborados por:  
Ramón Noche Fraga  
Miguel Carricoba Armesto

Realizados durante unha licenza  
de formación no curso 2013/14



### 1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.

Esta primeira unidade adicada ao mundo clásico céntrase en Grecia. Partindo do seu marco xeográfico e do establecemento das fases da súa cronoloxía, adícanse epígrafes á democracia ateniense, economía e sociedade e cultura e arte.

- 1 O marco xeográfico da civilización grega.
- 2 A cronoloxía da civilización grega.
- 3 A democracia ateniense
- 4 Economía e sociedade gregas.
- 5 Cultura e arte gregas.
  - 5.1 Cultura.
  - 5.2 Arte. Arquitectura.
  - 5.3 Arte. Escultura.

Fontes dos apuntamentos (baixo licenza CC):

- [Isaac Buzo](#).
- [Daniel Gómez Valle](#).



## 2. Recursos

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados cos iconos de:



Vídeo




Flash



Presentación

Recurso	Descrición
Cronoloxía de Grecia	Animación flash con actividades (tradución o orixinal de Isaac Buzo)
Vídeo “Gracias Grecia”	Vídeo sobre o legado cultural grego realizado por alumnado e profesorado da Comunidade de Murcia.
Arquitectura grega	Animación flash con actividades (tradución o orixinal de Isaac Buzo)
Escultura grega	Animación flash con actividades (tradución o orixinal de Isaac Buzo)



## 3. Actividades

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos.

Actividade	Descrición
· Actividade de comprensión lectora	Cuestionario autoavaliabile de moodle
· Actividade en formato LIM de repaso e	Paquete de actividades de repaso e

profundización do tema	ampliación realizadas por JL Rodríguez Rodríguez
· A viaxe de Odiseo	Lección de moodle na que se deberá buscar certa información relacionada coa historia e o legado da Grecia clásica para poder avanzar.
· Comentario de texto	Comentario de texto sobre a Atenas do Partenón
· Análise de mapa histórico.	Análise dun mapa da civilización minoica.



#### 4. Obradoiro TIC

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas coas ferramentas TIC. Este obradoiro en concreto é o primeiro adicado aos **blogs**, e céntrase na súa creación e na publicación de entradas.



#### 5. Enlaces

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

Link	Descrición
A civilización grega (13:39'')	Vídeo de artemhistoria
As guerras médicas	Infografía do xornal El País
Alexandre Magno	Animación sobre Alexandre Magno e a expansión do seu Imperio (Interclassica)
Recursos cultura clásica	Amplo repositorio elaborado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez
O fakebook de deuses e heroes	Proposta didáctica do Centro Aragonés de Tecnoloxías para a Educación arredor dunha ferramenta web 2.0 que permite a creación de perfís tipo facebook.

